

| | |
|-------------------------------|---|
| PROCEDEMENTO: | SELECCIÓN, EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, DUNHA ENTIDADE COLABORADORA PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA DA ACELERADORA CULTURAL DE PROXECTOS MUSICAIS AO AMPARO DOS FONDOS NEXTGENERATIONEU E O MECANISMO DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA DO REGULAMENTO (UE) 2021/241 |
| CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | CT402G |
| ASUNTO: | Resolución para a selección dunha entidade convocada por Resolución do 20 de xullo de 2023 pola que se convoca o procedemento de concorrencia competitiva para a selección dunha entidade colaboradora para a xestión do programa da Aceleradora Cultural de Proxectos Musicais ao amparo dos fondos NextGenerationEU e o Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) 2021/241 (Código de procedemento CT402G). |

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

- O día 3 de agosto de 2023 publícase no DOG, N° 147 a Resolución do 20 de xullo de 2023 pola que se convoca o procedemento de concorrencia competitiva para a selección dunha entidade colaboradora para a xestión do programa da Aceleradora Cultural de Proxectos Musicais ao amparo dos fondos NextGenerationEU e o Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) 2021/241 (Código de procedemento CT402G).
- O día 24 de agosto de 2023 ten entrada, no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia unha solicitude presentada pola Fundación Paideia Galiza, con NIF G15798655, dando lugar á apertura do expediente CT402G/2023/1 no procedemento CT402G.
- Rematado o prazo de presentación das solicitudes o día 25 de agosto de 2023, constátase que non houbo ningunha outra solicitude.
- O día 7 de setembro, o Director da Axencia Galega das Industrias Culturais, trala instrución do expediente e vista a acta-informe da comisión de valoración, reunida o día 5 de setembro, emite unha proposta de resolución na que se propón á Fundación Paideia Galiza, con NIF G15798655, como entidade colaboradoras para a xestión do programa da Aceleradora Cultural de Proxectos Musicais.

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
T.881996077/78
agadic@xunta.gal / www.agadic.gal



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 10 das bases reguladoras sinala que lle corresponderá á persoa titular da Presidencia da Agadic ditar a resolución que corresponda.

2. O artigo 11 das bases reguladoras indica que será a Dirección da Agadic, á vista do informe técnico de valoración das solicitudes, realizará unha proposta motivada de resolución para elevar á presidencia do Consello Reitor da Agadic.

3. O artigo 2 das bases reguladoras sinala que *“O obxecto da colaboración é o deseño, a xestión e o desenvolvemento das actividades do programa da aceleradora cultural de proxectos musicais nos ámbitos da consultaría, mentoring, confección de produtos musicais, presentación e difusión de proxectos, participación en eventos do sector musical das entidades seleccionadas como beneficiarias para participar no programa da Aceleradora .*

Para estes efectos, subscribírase o oportuno convenio de colaboración entre a entidade colaboradora e a Agadic, segundo o modelo que figura como anexo I desta convocatoria”

Por todo o que antecede,

RESOLVO:

1. Seleccionar a entidade Fundación Paideia Galiza, con NIF G15798655, como entidade colaboradora do programa da Aceleradora Cultural de Proxectos Musicais .

2. Ordenar a preparación do convenio de colaboración, que figura no Anexo I da Convocatoria, entre Agadic e a Fundación Paideia Galiza.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes, se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se tivera producido o acto presunto. Transcorrido o dito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do



día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto

Notifíquese á resolución á entidade interesada, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Presidente do Consello Reitor da Agadic
Román Rodríguez González

